

## ***Dous modelos educativos, duas escolas enfrentadas: a escola republicana e a escola nacional-católica***

***Two educational models, two diametrically opposed schools: the  
Republican school and the National Catholic school***

*Anxo S. PORTO UCHA*

*Universidade de Santiago de Compostela*

*J. Luis IGLESIAS SALVADO*

*Universidade da Coruña*

RESUMO: Neste traballo tentamos achegarnos ós dous modelos educativos –representados nas súas correspondentes escolas- que máis teñen influido nas políticas educativas recentes e mesmo na memoria colectiva de boa parte da sociedade española. Alleos e radicalmente enfrentados representan, de xeito máis que evidente, unha dobre realidade social e educativa. Así, mentras a IIª Republica apostaba no seu momento por unha escola única, activa e sobre todo anovada, como posible solución ós problemas do país, o franquismo, impoñía, ó tempo que rexeitaba, negaba e perseguía á outra, o modelo ideolóxico do nacional-catolicismo –visceralmente enfrentado ó modelo republicano- que afastaba da escola calquera asomo de progreso, mentres a sometía a un proceso de depuración infausto e a sumía no abandono material e humano.

PALABRAS CHAVE: Escola única, escola activa, represión, depuración, nacional-catolicismo, franquismo, maxisterio, formación, control idelóxico, escola primaria.

ABSTRACT: This article approaches the two educational models –represented in their respective schools- that have had the greatest impact on recent educational policies as well as on the collective memory of a good part of the Spanish society. Isolated and diametrically opposed, these two schools represent – in a way that is more than evident-, a double standard in

---

<sup>1</sup> Unha primeira redacción deste traballo foi presentada como ponencia no marco do curso da UNED que co título *La recuperación de la memoria histórica de la educación durante el franquismo: la depuración del profesorado*, veu de celebrarse en Avila entre o 3 e o 7 de xullo de 2006. O texto que agora presentamos é unha versión revisada e actualizada daquel.

terms of the social and educational reality. Hence, while at the time, the Second Republic was betting on a single, active, and above all, innovative school as a possible solution to the country's problems, Franco's regime, which rejected, refused and persecuted the former, imposed an ideological model of national Catholicism – at odds with the Republican model – driving out of the school the slightest hint of progress, while subjecting it to an unfortunate process of purging and plunging it into abandonment –both in terms of material and human resources.

KEY WORDS: One-room schoolhouse, active school, repression, purge, National-Catholicism, Franco's regime, teaching, training, ideological control, primary school.

## Introdución

Borja de Riquer, na Presentación ao libro de Morente Valero, *La depuración del Magisterio Nacional*, afirma que cando Franco anunciou que a guerra civil acabara, faltou descaradamente á verdade. Durante moitos anos máis o réxime franquista apostou pola continuación da guerra en moitas fronteas, utilizando, claro está, outros procedementos. Así, por exemplo, no período de postguerra máis de 50000 mestres foron depurados. Pero houbo, ademais, como dicía no seu día Ramón Carande<sup>3</sup>, “demasiados retrocesos” en todas as ordes da vida da maioría dos españois.

Na súa orixe o sentido da depuración era destruír o labor escolar republicano, acabar co laicismo, coa coeducación, coa democratización do ensino e con toda innovación pedagóxica. Sen embargo a intención prístina do novo réxime non era unicamente, como cabería pensar, retroceder aos anos anteriores a 1931, senón poñer en marcha un proceso de involución moito máis profundo, reaccionario, ultra-católico e antiliberal; é dicir, tiñan a pretensión de establecer un absurdo e, sobre todo, doloroso proceso co que pretendían desandar a historia e volver moitos séculos atrás.

O represión non foi, pois, estrictamente punitiva, foi sobre todo preventiva. Había que castigar non tanto polo que supostamente fixera o Maxisterio en xeral, como polo que podería facer no futuro. O proceso resultou, como era de esperar, excepcionalmente eficaz. Había que pacificar á Escola, erradicar todo o que se considerase representativo da chamada “anti-España”. Había que construír algo novo. E para facelo, os modelos a imitar foron os réximes fascistas. Nese sentido, a revisión dos estreitos e frecuentes contactos que o franquismo mantivo, o mesmo co fascismo italiano que co alemán, son fundamentais. A isto hai que engadir a colaboración interesada e nada disimulada da Igrexa na tarefa da “nova cristianización de España”.

O que fóra Xefe do Servizo Nacional de Primeiro Ensino, Romualdo de Toledo, dirixíase en 1939 ao primeiro Ministro franquista de Educación Nacional, Pedro Sáinz Rodríguez, nestes termos: “En un Estado autoritario, jerárquico, antidemocrático y anti-

---

<sup>2</sup> Vid. Borja de Riquer i Peñamanyer, “Presentación” en Francisco Morente Valero, *La Escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*, Valladolid, Ámbito, 1997, pp.13-22.

<sup>3</sup> Nunha consulta no BOE do ano 1937, en relación coas nosas pescudas sobre a depuración, encontramos a Ramón Carande Thovar, Catedrático de Economía e Facenda (Decano da Universidade de Sevilla) coa sanción de separación definitiva (BOE, 28-9-1937).

liberal, como el que España está forjando (...) todos los individuos [referíase ao perigo que podería significar unha Asociación Profesional de Mestres] (...) han de estar previamente depurados”<sup>4</sup>.

Polo tanto, para comprender a complexidade, amplitude e dureza do proceso de depuración posto en marcha polo franquismo, hai que achegarse necesariamente aos proxectos de reforma pedagóxica<sup>5</sup> postos en marcha pola Segunda República e, por suposto, ao rexeitamento que tales proxectos xeraron nos sectores máis reaccionarios da dereita española. Á escola da Segunda República dedicaremos pois, un primeiro momento. Referirémonos despois á escola do Nacional-Catolicismo característica dos primeiros tempos do franquismo, para finalizar cunhas reflexións xerais sobre o tema a modo de conclusión.

## 1. A escola republicana

A Segunda República naceu nun momento nada propicio para convulsións políticas, debido ás consecuencias negativas que para a orde económica mundial tivo a depresión de 1929. Historicamente, sen embargo, intentouse explicar a chegada da Segunda República española, naquelas circunstancias, a partir da consideración de determinados feitos que pasamos a referir de maneira sucinta:

a) O triunfo da II República debeuse máis ao afundimento dunha Monarquía obsoleta e mal concibida que á súa propia proxección

b) Foi proverbial e nada favorable para os seus intereses o feito de que as forzas republicanas estivesen divididas entre si, mentras durou o seu tempo e, aínda, durante a guerra civil.

c) Moitos dos que contribuíran á chegada do novo réxime fixéranos para servirse da República como instrumento para os seus fins particulares.

A teor do sinalado, sería fácil concluír que coas forzas sociais e políticas divididas era imposible gobernar. Situación que resulta, se cabe, máis evidente se temos en conta os 19 gobernos que houbo nos pouco máis de cinco anos previos á guerra civil. Sen embargo, entendemos, que algunha das afirmacións anteriores necesitaría unha maior matización dadas as profundas contradicións que acompañaron á IIª República a partires do momento mesmo da súa proclamación, o 14 de abril de 1931.

Se ben, coa chegada da Segunda República faise visible con mediana claridade a conciencia ideolóxica da burguesía liberal española, cuxos antecedentes hai que buscar nos numerosos avatares políticos do século XIX (liberalismo), mesturada agora cun socialismo de carácter humanista, o certo é que non conseguiu atraerse á totalidade da clase obreira, na súa maioría militante nas filas anarquistas e sindicalistas. Ao tempo foron

---

<sup>4</sup> *Opus cit.*, p. 19. No mesmo documento se propoñía incluso a depuración do sindicato Falanxista de mestres, o SEM.

<sup>5</sup> Xunto ós proxectos de reforma pedagóxica, houbo durante o curto período republicano outros non menos importantes, que non analizaremos aquí.

emerxendo, a partir da periferia, os movementos reivindicativos de carácter nacionalista. Xa que logo, a partir do primeiro momento fíxose patente que a situación non era nin moito menos favorable. En calquera caso é a marxe de outras consideracións, parece innegable que no relativo aos aspectos didácticos e metodolóxicos, estes teñen as súas raíces no pensamento da Institución Libre de Ensino. Pero tamén hai que entender que para falar da política educativa que se desenvolve ou tentou desenvolverse durante o período republicano temos que referirnos necesariamente ás ideais que atopamos condensados no pensamento de Lorenzo Luzuriaga<sup>6</sup>, ao que volveremos máis adiante.

### **1.1. As distintas etapas da Segunda República. Avances e retrocesos**

No curto pero intenso período que representa a Segunda República pódense observar distintos momentos de impulsión das políticas educativas<sup>7</sup> que aquí intentaremos esbozar brevemente. Ademais dun primeiro momento que denominaremos etapa dos “governos provisionais” (ata a proclamación da nova Constitución republicana), aparecen con claridade dous bienios, o azañista (1931-1933) e o radical cedista (1934-35), para chegar despois ao breve espazo que cobre á Fronte Popular (1936). Un quinto período ocupao o desenvolvemento dos proxectos republicanos durante a guerra civil nos territorios non ocupados polo denominado “bando nacional” (1936-39). Analizaremos brevemente eses períodos para poder considerar os avances e retrocesos republicanos en materia de política xeral e educativa en particular.

#### *a) A etapa dos “governos provisionais”*

Antes de que se tivese aprobado a Constitución de 1931, unha serie de disposicións legais cambiarán sustancialmente os principios nos que se sustentaba o ensino. Estas disposicións adiantaban xa claramente o programa educativo que se define arredor da implantación da escola única, da mán do seu principal impulsor e defensor Lorenzo Luzuriaga:

Os dous conceptos básicos da educación do noso tempo, son os que poden expresarse coas palabras “escola activa” e “escola única”. Aquela refírese ao contido, á vida interna das institucións educativas; a última afecta máis ben á forma, á organización exterior destas. A “escola activa” é ante todo unha concepción pedagóxico-psicolóxica; a “escola única”, é fundamentalmente unha inspiración pedagóxico-social<sup>8</sup>.

---

<sup>6</sup> A figura e o pensamento de Lorenzo Luzuriaga ten sido obxecto de ampla atención ao longo de estes anos por parte de Herminio Barreiro, hoxe profesor emérito da USC. Da súa dona, M<sup>a</sup> Luisa Navarro Margati, vense ocupando M<sup>a</sup> Dolores Cotelo, na súa Tese Doutoral.

<sup>7</sup> Para a análise de esta época, son xa clásicos, entre outros, os estudos de M. Pérez Galán (1975), M. Samaniego Boneu (1977) o M. de Puelles Benítez (1980). Na serie “Breviarios de Educación”, contamos coa *Historia de la Educación en España IV. La Educación durante la Segunda República y la Guerra Civil (1931-1939)*, con un estudo Preliminar, preparación e selección de textos e documentos, e notas, a cargo de Antonio Moleró Pintado (MEC, 1991). De José Manuel Fernández Soria destacamos *Educación y cultura en la Guerra Civil (España 1936-39)*, Barcelona, NAU Libres, 1984. Cabe citar tamén o texto de A. Tiana Ferrer, *Educación libertaria y revolución social en España (1936-1939)*, Madrid, UNED, 1987.

<sup>8</sup> Vid. Lorenzo Luzuriaga, *La escuela única*, Edición de Herminio Barreiro Rodríguez, Madrid, Biblioteca Nueva, p.46. A traducción é nosa.

O propio Luzuriaga, sen embargo, era máis partidario do concepto “escola unificada”. En calquera caso os debates desde o principio mesmo do tempo republicano anunciaron, á marxe do tipo de escola definido, os posicionamentos encontrados das distintas forzas políticas. Aínda que se algo se pode destacar como fundamental en todos os casos é o que se refire ó principio de socialización.

Os primeiros meses da etapa dos “gobiernos provisionais”, presididos por Niceto Alcalá Zamora (14/4/1931 – 14/10/1931) e Manuel Azaña (14/10/1931 – 16/12/1931), con Marcelino Domingo Sanjuán (mestre) no Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes e Rodolfo Llopis (formado como moitos dos seus compañeiros na Institución Libre de Ensino) na dirección Xeral de Instrución Pública, foron os de maior impulso e esforzo, orientados, sen dúbida ningunha, a construír unha nova Constitución republicana. Os Decretos sobre bilingüismo catalán, creación das Misións Pedagóxicas, o ensino da relixión -tan de actualidade sempre-, a reorganización do Consello de Instrución Pública, a reforma das Escolas Normais, a creación de Consellos de Protección Escolar, a supresión das oposicións e a organización de “cursos” de selección profesional, as condicións para o exercicio da docencia, as medidas encamiñadas a mellorar as condicións económicas do profesorado, publicacións de libros para os diversos graos de ensino, creación da Xunta de Intercambio e Adquisición de Libros, organización do ensino de Xordomudos, creación da Inspección profesional de Ensino Primario, e outros sobre o réxime de coeducación, escolas preparatorias, internados, etc, xunto á Lei do Plano Quinquenal que anunciaba a creación de 27151 escolas (7000 no primeiro ano e 5000 cada ano posterior), foron recibidos con grande expectación en xeral, pero principalmente polo Maxisterio.

Hai que ter en conta, desde o punto de vista da política xeral, que este tempo, desde 1931, está marcado pola presenza de Niceto Alcalá Zamora na Presidencia da República, desde que fora aprobada a Constitución, e que non sería relevado ata o ano 1936, sendo substituído entón por Manuel Azaña.

Pasamos a referir aquí, para unha mellor comprensión das iniciativas republicanas en termos de educación, as disposicións legais con contido educativo que foron promulgadas durante o período dos gobernos provisionais

- Decreto sobre bilingüismo catalán (29/4/1931)
- Decreto creación Misións Pedagóxicas (29/5/1931). Nomeamento do Padroado (6/8/1931)
- Decreto sobre ensino relixión (6/5/1931). Circular de Llopis (13/5/1931)
- Decreto sobre reorganización do Consello de Instrución Pública (4/5/1931)
- Decreto sobre creación de Consellos de Primeiro Ensino (9/6/1931)
- Decreto sobre reforma de Escolas Normais (29/9/1931)
- Decreto sobre supresión das Oposicións e organización de cursos (3/7/1931)
- Decretos sobre condicións para o exercicio da docencia

- Decreto sobre condicións económicas do profesorado (7/8/1931)
- Lei Plano Quinquenal do M.I.P. e B.A.
- Decreto sobre publicacións de libros para os diversos graos de ensino
- Decreto creación Xunta de Intercambio e Adquisición de Libros
- Decreto organización do ensino Colexio de Xordomudos
- Decreto creación da Inspección Profesional de Ensino Primario
- Decreto sobre derogación de plans anteriores de Ensino Secundaria (13/5/1931)
- Decretos sobre guía de profesores, réxime de coeducación, escolas preparatorias, internados....

*b) A coalición republicana-socialista (bienio azañista)*

Comprende o bienio que vai a partir do 16/12/1931 ao 12/9/1933, con dous gobernos de Azaña nos que serán ministros de Instrución Pública, Fernando de los Ríos (socialista) e Francisco Barnés (Esquerda Republicana), os dous da Institución Libre de Ensino. O Director Xeral de Instrución Pública será neste período Rodolfo Llopi. Continúase coa política anterior, cunha Constitución baseada na de Weimer (Alemaña, 1919). A característica principal deste bienio foi a preocupación pola escolarización primaria e a formación do profesorado. O plano de crear 5000 escolas anuais limitouse en 1932 a 2580. Daquela Julián Besteiro era o presidente das Cortes. En 1933 creáronse 4000 prazas. Nesta empresa intentouse implicar aos municipios (Decreto de 5/1/1933) con resultados moi desiguais.

Mentres tanto creouse a Sección de Pedagogía da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid. Quedaba así suprimida a Escola Superior do Maxisterio. O obxectivo desta sección era, ademais do cultivo da ciencia pedagóxica, a formación do profesorado de Ensino Secundario, Normais, Inspección e Escolas Graduadas.

A Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas, aprobada polas Cortes o 17 de maio de 1933 e asinada polo Presidente da República o 2 de xuño (*Gaceta* do 3) apartaba a aquelas do ensino. Para compensar, na medida do posible, a supresión do ensino nas ordes relixiosas, créanse novos institutos. Este foi un dos argumentos máis socorridos pola dereita española para atacar á República. Sen embargo como toda cuestión esencial necesita ser matizada e interpretada á luz dos feitos e a realidade cotiá

Neste tempo tamén se crea a Inspección Xeral de Ensino Secundario e elabórase un Proxecto de Lei de Reforma Universitaria, presentado nas Cortes o 17 de marzo de 1933.

As disposicións legais durante o bienio azañista foron as que seguen:

- Decreto creación Sección de Pedagogía (27/1/1932)
- Decreto sobre acceso de mestres á Sección de Pedagogía (20/1/1932)
- Decreto sobre revisión de libros escolares polo Consello Nacional de Cultura (23/5/1932).

- Lei de Confesións e Congregacións Religiosas sobre supresión do dereito (17/5/1933)
- Decreto sobre inspección (2/12/1933)
- Decreto creación de Institutos (26/8/1933)
- Decreto de creación Inspección Xeral de Ensino Secundario (30/12/1933)

*c) O bienio radical cedista*

Doce gobernos se suceden neste período. Ábrese unha fase de inestabilidade. Coa Revolución de outubro de 1934, como resposta da chegada da CEDA ao poder, comenza a crise da República e o declive cara a que logo foi guerra civil.

Renace durante esta etapa a clásica postura dos conservadores españois de considerar a educación como arma político-relixiosa para a defensa da unidade e a orde social. Os melquiadistas foron anticlericais. Os radicais mostráronse favorables á postura da Igrexa ou da CEDA.

Durante este período diminuíron os presupostos de Ensino primario e os da Xunta para Ampliación de Estudos, e desapareceu a partida para as Misións Pedagóxicas.

Disposicións legais durante o bienio radical-cedista:

- Decretos de disolución da Inspección Central de Primeiro Ensino
- Orde sobre prohibición da coeducación (1/8/1934)
- Plano de Estudos de Ensino Secundario (29/8/1934)
- Decreto sobre probas de capacidade para acceso a Facultades (7/11/1934)

*d) A Fronte Popular (febreiro-xullo, 1936)*

Neste período, breve por mor da sublevación militar de xullo de 1936, intentouse relanzar o “optimismo educativo” que definira o primeiro bienio republicano. Volven Marcelino Domingo e Francisco Barnés ao Ministerio de Instrución Pública.

*e) Os proxectos republicanos durante a guerra civil (1936-39)*

Sinala Fernández Soria<sup>9</sup> que, ata 1936, a IIª República era a forma de Estado dun réxime burgués; pero a partir do inicio da guerra ponse en marcha un proceso revolucionario que afecta tamén á política educativa, de tal maneira que “non serán Pablo Iglesias nin Francisco Giner de los Ríos os piares básicos sobre os que se erga o entramado educativo”. Os presupostos educativos da Institución Libre de Ensino e doutros pedagogos socialistas como Lorenzo Luzuriaga xa non eran suficientes. A escola como axente socia-

---

<sup>9</sup> Vid. Juan M. Fernández Soria, “La educación en la España republicana durante la guerra civil. Ideología y praxis”, en *Primeras Jornadas de educación Lorenzo Luzuriaga y la política educativa de su tiempo/Ponencias*, Ciudad Real, Diputación de Ciudad Real, 1986, p. 56 (citado por F. Morente Valero, en *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*, Valladolid, Ámbito, 1997.

lizador acadaría a súa plenitude durante os anos da guerra civil. Sen embargo este non é o propósito deste traballo e por iso non imos a extendernos neste apartado<sup>10</sup>.

## 1.2. Política escolar da Segunda República

### a) O ensino na Constitución

A nova Constitución, aprobada o 8 de decembro de 1931 e promulgada ao día seguinte, consta de 125 artigos e dúas disposicións transitorias. No Título III, Cap. II, no seu artigo 48 sobre "Familia, economía e cultura", sinalase:

"O servizo da cultura é atribución esencial do Estado, e prestarao mediante institucións educativas enlazadas polo sistema de escola unificada. O ensino primario será gratuito e obrigatorio. Os mestres, profesores e catedráticos do ensino oficial son funcionarios públicos. A liberdade de cátedra queda recoñecida e garantida. A República legislará no sentido de facilitar aos españois economicamente necesitados o acceso a todos os graos de ensino, a fin de que non se ache condicionado máis que pola aptitude e a vocación. O ensino será laico, fará do traballo o eixe da súa actividade metodolóxica e inspirarase en ideais de solidariedade humana. Recoñécese ás Igrexas o dereito, suxeito a inspección do Estado, de ensinar as súas respectivas doutrinas nos seus propios establecementos"<sup>11</sup>.

Pola súa banda, o artigo 49 determinaba de xeito ben claro que:

"A expedición de títulos académicos e profesionais corresponde exclusivamente ao Estado, que establecerá as probas e requisitos necesarios para obtelos aínda nos casos en que os certificados de estudos procedan de centros de ensino das rexións autónomas. Unha Lei de Instrución pública determinará a idade escolar para cada grao, a duración dos períodos de escolaridade, o contido dos plans pedagóxicos e as condicións en que se poderá autorizar o ensino nos establecementos privados".

Mentres que no artigo 50 se dispoñía que

"as rexións autónomas poderán organizar o ensino nas súas linguas respectivas, de acordo coas facultades que se concedan nos seus Estatutos. É obrigatorio o estudo da lingua castelá, e esta usarase tamén como instrumento de ensino en todos os Centros de instrución primaria e secundaria nas rexións autónomas".

Como xa temos apuntado, antes de proclamarse a Constitución de 1931 unha serie de disposicións cambiaban sustancialmente os principios nos que se sustentaba o ensino. Estas disposicións adiantaban claramente o programa educativo da República. Encargóullese a Lorenzo Luzuriaga a determinación das bases dun proxecto de lei de Instrución pública que non vería a luz. O artigo 48 da Constitución facía referencia á "escola unificada"<sup>12</sup>, asunto que como temos comentado rematou por se converter nun

---

<sup>10</sup> Remitimos, en todo caso, ao libro de J.M. Fernández Soria, *Educación y cultura en la Guerra Civil, op. cit.*, pp. 21-180, na parte adicada a "La España Republicana", con documentados capítulos sobre a loita contra o analfabetismo, cultura popular y outros intentos de extensión cultural, educación anarquista, asistencia cultural dos intelectuais, difusión cultural dos "mass-media", etc, durante o período bélico.

<sup>11</sup> Citamos por *Constituciones Españolas*, Madrid, Edición conxunta do Congreso dos Diputados e o Boletín Oficial do Estado, 2001, p.325. A tradución é nosa.

<sup>12</sup> Para á análise do debate entre a escola única e a escola unificada, remitimos ó texto máis recente de Lorenzo Luzuriaga, *La escuela única. Op.cit.*



elemento de controversia esencial. A *Revista de Pedagogía*<sup>13</sup> recollía puntualmente as ideas principais de Luzuriaga ao respecto:

- A educación pública é esencialmente función do Estado
- A educación pública é gratuíta
- A educación pública é laica ou extraconfesional
- A educación pública ten un carácter activo e creador
- A educación pública ten un carácter social
- A educación pública atende por igual aos sexos
- A instrución pública constitúe unha unidade organizada:

Primeiro grao: 4-6 anos. Voluntaria

6-12 anos. Obrigatoria (escola clásica)

Segundo grao: 12-15 anos. Obrigatoria (polo menos en cidades)

15-18 anos. Voluntaria (tecnolóxica, científica e humanista)

Terceiro grao: E. Superior. Rigorosa selección por aptitude.

#### *b) A cuestión relixiosa e a educación*

Durante a IIª República, a Escola, por imperativo do artigo 48 da Constitución, sería laica<sup>14</sup>. Inhibíriase nos problemas relixiosos e non ostentaría signo algún que implicase confesionalidade<sup>15</sup>. Nas Escolas Normais, prohibiuse incluso ás profesoras vivir en conventos, residencias, colexios e institucións privadas, onde se hospedasen ou preparasen as alumnas que cursaban os seus estudos na Normal<sup>16</sup>. Nesa liña, fixéronse esforzos para crear residencias oficiais onde poder ofrecer un ambiente de fogar e cultura<sup>17</sup>.

Coa promulgación da Constitución de 1931, enfróntanse dúas concepcións abismalmente diferentes da educación. Aprobada a Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas o 17 de maio de 1933, o 2 de xuño o Episcopado español sacaba unha declaración colectiva, recomendando aos católicos obrigas categóricas:

- 1) Deben os pais de familia mandar aos seus fillos unicamente a escolas católicas.

---

<sup>13</sup> *Revista de Pedagogía*, 117 (1931), pp.417 y ss.

<sup>14</sup> Véxase a Orde de 12 de xaneiro de 1932 sobre a escola laica.

<sup>15</sup> Véxase a Orde de 12 de xaneiro de 1932 (*Gaceta do 14*) sobre a Escola laica (tomado de *Historia de la Educación en España. IV. La Educación durante la Segunda República y la Guerra Civil (1931-1939)*, Op. cit, pp.163-165).

<sup>16</sup> Véxase a Orde da D.G. de 1 de outubro de 1932 (*Gaceta do 4/19*).

<sup>17</sup> En Pontevedra, por exemplo, destacou a Residencia de Estudiantes, que comenzo a funcionar en 1934, para alumnos do Instituto e tamén do Plan Profesional da Escola Normal. No verán utilizábase para organizar cursos de formación para mestres nacionais da provincia.

2) Prohíbese severamente a asistencia ás escolas acatólicas.

3) Cando o Ordinario tolere o anterior (...) os pais e titores gardarán unha serie de cauteles (...).

4) Exhórtase ós fieis a prestar auxilio moral e material para a fundación e mantemento de escolas católicas.

O enfrontamento entre os seguidores dunha escola confesional e unha escola laica tivo o seu punto culminante coa intervención da Santa Sede, coa Encíclica *Dilectissima nobis* (3/6/1933). Por primeira vez na historia de España, a educación enfrontaba ao Goberno e ao Estado Español coa Igrexa romana.

Hai que ter en conta sen embargo que, secularizados e reagrupados en sociedades cívicas, moitos dos membros das congregacións relixiosas, sobre todo as congregacións laicas, mantiveron abertos os seus colexios e escolas, aínda cambiando os nomes para borrar deles reminiscencias relixiosas. Pola súa banda, novas institucións de orientación católica, como as fundadas por Escrivá de Balaguer ou Pedro Poveda, desenvolveron unha nova estratexia, ao recomendar aos seus membros o acceso aos corpos docentes oficiais.

A Compañía de Xesús foi a primeira en disolverse, ocasionando non poucos problemas ao Goberno, ao ter aquel un importante número de centros que tiveron que pasar ao Estado. Por Decreto de 28 de xaneiro de 1932, especificábase que os directores dos Institutos a quen encomendábase a dirección destes centros, podían tomar medidas especiais. Pero o problema agudizouse ao promulgarse a Lei de Confesións. Segundo Fernando de los Ríos, nun discurso nas Cortes (11/5/1933), existían un total de 351937 alumnos de primeiro ensino en Centros rexidos por relixiosos e 17098 en ensino secundario, aínda que el mesmo recoñecía que esta cifra era deficiente.

Coa chegada da CEDA, o coñecido como “bienio negro”, lévanse a cabo unha serie de actuacións que viñan a dar resposta ás campañas promovidas pola dereita católica, entre elas a prohibición da coeducación nas escolas primarias. Retornaba así a clásica postura dos conservadores españois de considerar á educación como arma político-relixiosa para a defensa da unidade e orde social. Entre outras cuestións, durante este bienio, disolveuse a Inspección Central de Primeiro Ensino, diminuíron os presupostos en ensino primario, da Xunta para Ampliación de Estudos e das Misións Pedagóxicas, prohibiuse a coeducación e tentouse facer o mesmo nas Escolas Normais.

#### *c) Os presupostos de instrución pública*

Os presupostos da República tiveron gran impuntualidade na súa presentación. Debido en boa medida a circunstancias políticas e parlamentarias. O de 1931 tivo que ser aplicado ao primeiro trimestre de 1932. Só o de 1933 foi aprobado con regularidade. O de 1933 prolongou a súa vixencia durante o primeiro semestre de 1934 e o de 1934 prorrogou a súa vixencia dous trimestres de 1935. O de 1935 foi prorrogado 6 meses en 1936. Os dous primeiros foron asinados por Julián Besteiro no Congreso e os dous últimos por Santiago Alba, presidente, así mesmo, da Cámara.

O aumento dos orzamentos foi permanente, se ben máis notorio nos primeiros anos. Tales aumentos presupostarios corresponderon fundamentalmente ao primeiro ensino. Así, pásase dun orzamento, en millóns de pesetas, para o ano 1931, de 131.551.000 a 171.854.223,75 en 1932<sup>18</sup>. O maior peso nesta partida correspondía a persoal de escolas nacionais de primeiro ensino, que aumentaran de 36680 mestres en 1931 a 51593 en 1935. Respecto ás novas prazas, creáronse 7000 en 1931; 2580, en 1932; 4000, en 1933; 1333, en 1934; 1242, en 1935 e 5300 en 1936.

Respecto á situación económica do Maxisterio, o Decreto de 29 de setembro de 1931 establecía para os mestres que rematasen estudos polo novo plano un salario mínimo de 4000 pesetas anuais. Isto obrigou a que as prazas creadas en 1935 tivesen ese soldo anual, ao egresar a primeira fornada de alumnos.

Hai que ter en conta que segundo o orzamento de 1931 existían 7 categorías de profesionais, nas que a maioría dos mestres e mestras ocupaban (na primeira escala) a sétima categoría, cun soldo anual de 3000 ptas. Pero existía, ademais, unha segunda escala, con tres categorías cos seguintes soldos: 3000 ptas (8ª categoría; 3100 mestres), 2500 ptas (9ª categoría; 1800 mestres) e 2000 ptas (10ª categoría; 5033 mestres). A República unificou en 1931 (Decreto de 7/8) as categorías 9ª e 10ª, que pasaron á 8ª, cun soldo único de 3000 ptas. Ademais, como xa sinalamos, para os do novo plano que comezou a rexer en 1935, estableceuse o soldo de 4000 ptas. Todo isto foi recibido con xúbilo polo Maxisterio. Aínda así, as posturas dos sindicatos estiveron divididas entre a FETE por unha parte, que defendía elevar os salarios máis baixos, e a Asociación Nacional do Maxisterio por outra, que prefería distribuír os cartos entre todas as categorías.

Respecto da Inspección de Primeiro Ensino, creáronse 100 novas prazas en decembro de 1932, cun soldo de entrada de 5000 ptas e outras 10 máis de inspectores mestres que se cubriron en 1933. O número de prazas aumentouse en 55 ao ano seguinte. O salario medio do Corpo de Inspectores era de 7224 ptas para 1933. No profesorado de Escolas Normais, que diminuíu ao unificarse os centros masculinos e femininos, ao crearse as Escolas Normais do Maxisterio Primario en 1931, os soldos oscilaban como os de Inspección.

En Ensino Secundario tamén aumentou o número de centros: 21 Institutos Elementais en 1932 e 20 Institutos Locais (nova denominación dos anteriores) no curso 1932-33. O alumnado experimentou un gran incremento, debido á substitución das ordes relixiosas. En 1931 existían 685 catedráticos, que sumaban 839, en 1935. Existía, ademais, un alto índice de persoal contratado, se ben a tendencia foi a que adquirise o status de numerario.

#### *d) Os Consellos de Instrución e Cultura*

Con data 31 de agosto de 1931 Marcelino Domingo dirixía a Miguel de Unamuno, presidente do Consello de Instrución Pública, unha carta sobre o encargo a Lorenzo Luzuriaga da elaboración das bases do anteproxecto de Lei, inspirado na escola única como eixe do sistema educativo<sup>19</sup>. O Consello de Instrución Pública tiña sido obxecto

<sup>18</sup> Seguimos a M. Pérez Galán, *La enseñanza en España durante la II República*, Madrid, Cuadernos para el Diálogo, 1975, pp. 329 y ss.

<sup>19</sup> Manuel de Puelles Benitez, *Educación e ideología en la España Contemporánea*, Barcelona, Labor, 1980, p. 323.

dunha ampla transformación coa chegada da República. Atrás quedaban os tempos máis ou menos escuros desde a súa creación en 1834. Suprimido e reorganizado moitas veces. Pero sempre coa presenza das forzas conservadoras. Logo, despois do período bélico, viría as súa estruturación como Consello de Educación Nacional (1940).

O Decreto de 4/5/1931 entendíao non só como a clave dun complicado sistema técnico e administrativo, senón como “o órgano máis eficaz da renovación creadora que a educación nacional esixe para incorporarse rapidamente aos progresos do noso tempo”. O Consello, cuxa presidencia se encomendaba a Unamuno, estruturábase en catro seccións: Primeiro Ensino; Ensino Secundario, Escolas de Comercio e outras especialidades; Belas Artes e Escolas de Artes e Oficios; Universidades e Escolas de Veterinaria.

Dentro do conxunto da administración educativa republicana, e relacionados co Consello de I.P., estaban os consellos de primeiro ensino, creados por Decreto de 9 de xuño de 1931 (universitarios, provinciais, locais e escolares), que viñan a suprimir as anteriores Xuntas (locais, provinciais), nas que se concentraba o problema do caciquismo escolar, principalmente instalado nas xuntas locais. Por medio de este Decreto convertíanse en “Consellos de Protección Escolar”. Cos consellos universitarios implicábase á Universidade na difusión da cultura popular e na afirmación do sentido social da escola pública. Integraban os devanditos consellos o reitor ou persoa en quen delegase, un catedrático de letras e outro de ciencias, un catedrático de instituto, un profesor normal, un inspector de primeiro ensino e un mestre e unha mestra.

Os consellos provinciais estaban compostos polos inspectores de primeiro ensino da provincia, un profesor e unha profesora da Normal, o xefe administrativo de primeiro ensino, un mestre e unha mestra nacionais, un mestre da privada, un pai e unha nai de familia. Os consellos locais compoñíanse dun representante do concello, un mestre e unha mestra nacionais, un médico inspector de sanidade, un pai e unha nai de familia. Os consellos escolares estaban integrados por un representante do municipio, dous pais e duas nais de alumnos da escola e o director da mesma.

Hai que ter en conta que durante a IIª República chegouse á plenitude dun movemento intelectual. As Cortes Constituíntes estaban integradas en boa parte por universitarios. Besteiro ocupou o cargo de presidente dos Cortes, no proxecto de Constitución participaron Ossorio e Baril e Adolfo Posada. A obra definitiva foi do catedrático Luis Jiménez Asúa. Cando se discutíu o problema da lingua nacional, participaron Unamuno e Ovejero entre outros. A esta pléiade poderían engadirse os nomes de Ortega y Gasset, Marañón, Sánchez Albornoz, a chamada Xeración do 98 case completa e a do 27 en total ascensión.

Estes feitos xustifican que por Decreto de 27 de agosto de 1932, o Consello de Instrución Pública se transforma en Consello Nacional de Cultura. A partir de entón, ademais de continuar coa comisión encargada ao anterior organismo, apareceron novas actividades. Así, créase unha sección de “cultura popular”, na que se subliña a importancia do cine e a radio para cumprir os seus fins<sup>20</sup>. Por un Decreto de 23 de maio de 1932

---

<sup>20</sup> Vid. Eugenio Otero Urtaza, “El Patronato de Misiones Pedagógicas y los nuevos medios de comunicación social”, *Bordón*, 252 (1984), p. 201. Este número de *Bordón* estivo adicado o tempo da Segunda República.

xa se confiara ao Consello Nacional de Cultura a revisión dos libros escolares<sup>21</sup>. É importante destacar que tanto desde Cultura como desde Instrución pública mantívose sempre o espírito da reforma educativa propugnada pola ILE.

### **1.3. As reformas do ensino**

As reformas do ensino foron un dos grandes cometidos dos gobernos republicanos. Entre as súas realizacións estivo a reforma das escolas normais, o impulso ao ensino primario, a secundaria, a creación da Inspección profesional e as innovacións en educación popular. A algunha destas realizacións imos dedicar un breve apartado.

#### *a) A reforma das Escolas Normais*

Unha das declaracións máis logradas, do que a Segunda República pretendía coa escola, atopámola no Decreto orgánico de 29 de setembro de 1931, polo que se reformaban as Escolas Normais. O texto legal, coa sinatura de Niceto Alcalá Zamora, Presidente do Goberno, e de Marcelino Domingo Sanjuán, Ministro de Instrución Pública e Belas Artes, afirmaba que esta Escola “será xardín e taller; convivencia de todas as clases sociais e todas as confesións; principio dunha selección que posibilitará o voo da intelixencia ás cimas do saber e o poder”.

Para iso, convertíase ó Mestre no artífice desta nova Escola. E, nese senso, sinalábase nas consideracións do Decreto:

“urxía crear escolas, pero urxía máis crear Mestres; urxía dotar ás Escolas de medios para que cumprisen a función social que lles estaba encomendada, pero urxía máis capacitar ó Mestre para convertelo en sacerdote desta función; urxía elevar a xerarquía da Escola, pero urxía igualmente dar ó Mestre da nova sociedade democrática a xerarquía que merece e merecerá facéndolle merecedor dela”.

Segundo o novo Decreto, a preparación do maxisterio primario comprendería tres períodos: cultura xeral, formación profesional e práctica docente. As Escolas Normais constituíanse, así, en verdadeiras institucións profesionais. O primeiro período realizábase nos Institutos, o segundo nas Normais e o terceiro nas Escolas primarias. O ingreso facíase mediante concurso-oposición para un número limitado de prazas, 16 anos de idade e ter o bacharelato. Os estudos para mestre adquirían, tamén así, categoría universitaria.

#### *b) O impulso ao ensino primario e ensino secundario*

No primeiro ensino desenvolveuse o plano quinquenal de aumento de centros escolares, co fin de erradicar o alto grao de analfabetismo que aínda tiña o Estado español. Para iso foi necesario tamén transformar os xa comentados estudos do Maxisterio. Cando entrou en vigor o novo Plano (o tan lembrado “Plano Profesional”), subsistíanse dous planos para os formación dos mestres e mestras: o de 1914, que debían seguir os que tiñan aprobado o ingreso e algunha asignatura do devandito plano, e o Plano de cultura complementaria (de tres anos), para os que só tiñan aprobado o ingreso.

---

<sup>21</sup> M. Samaniego Boneu, *Op. cit.*, p. 191.

Mentres non entrou en vigor o novo plano, os mestres foron seleccionados, segundo decreto de 3/7/1931, por un novo procedemento. Substituíronse as oposicións por uns cursos de selección profesional que constaban de tres partes: clases, prácticas e leccións de orientación pedagóxica, con eliminación progresiva (selección dos idóneos). Por este sistema foron seleccionados durante aqueles anos (os célebres “cursillistas”) os mestres que tiñan cursado estudos polo plano de 1914. A eles sumáronse en 1935 os que seguiran o plano de cultura xeral, que en 1934, mediante un ano máis de estudo, obtiveron o título de mestre.

Creada a Sección de Pedagogía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid (Decreto de 27/1/1932), suprimíuse a Escola de Estudos Superiores do Maxisterio (así denominada desde 1911). Entre os seus cometidos estaba a formación do profesorado de Ensino Secundario, escolas normais, inspección e directores de graduadas. Concedíanse nela tres clases de títulos: Certificados de Estudos Pedagóxicos, Licenciados en Pedagogía e Doutores.

Respecto ao ensino secundario (o termo ensino medio é utilizado a nivel legal ao comezo do período franquista), por Decreto de 13/5/1931 derogáronse os planos anteriores, volvendo provisionalmente ao de 1903. Este Decreto afectou tamén á universidade. O novo Plano de Bacharelato (Plano de 29/8/1934) constaba de sete cursos, dividido en dous ciclos. Ao finalizar os tres primeiros cursos, había un exame de conxunto. O segundo ciclo tiña dous graos. Fronte á contemplación de dous bacharelatos de Ciencias e Letras (Plano Calella de 1926), aparece un só Bacharelato universitario. Ao final do mesmo, un exame de reválida.

Respecto ás Facultades universitarias, segundo o referido decreto era necesario ser bacharel ou mestre de Primeiro Ensino e aprobar un exame de ingreso ou seguir un curso preparatorio para ter acceso ás mesmas.

### *c) A inspección profesional*

A escola da segunda república creou a Inspección profesional. Con ela, o inspector convértese nun orientador e colaborador profesional, fronte ao carácter meramente técnico e aínda político de datas anteriores. Como complemento á súa actuación, créanse os Centros de Colaboración Pedagóxica nos que, grupos de profesores co correspondente inspector da zona, desenvolven sesións de traballo<sup>22</sup>.

Aínda que a Inspección foi creada xa nos que denominamos “Gobernos provisionais”, sería un decreto de 2/12/1932 o que sistematizaría o realizado. Entre as innovacións, cabe sinalar:

- Inmobilidade do inspector (sufrirá alteracións no bienio “negro”)

---

<sup>22</sup> No decurso das nosas investigacións sobre a depuración do maxisterio, tivemos a oportunidade de comprobar algunhas experiencias moi significativas que os inspectores desenvolveron cos mestres a través destes centros de colaboración, especialmente en relación coa celebración de misións pedagóxicas. Estes mestres e os seus inspectores respectivos convertíronse co tempo, e sen pretendelo, en especial centro de atención das autoridades do “Estado novo”.

- Autonomía na súa zona
- Suprímense zonas masculinas e femininas
- Créase a Xunta de Inspectores, unificando criterios da Inspección Central
- Estrutúrase a Inspección Central

Entre as súas funcións habería que sinalar entre outras as seguintes:

- Organizar cursos
- Proponer escolas de ensaio
- Fomentar Centros de Colaboración Pedagóxica

Para ingresar no Corpo de Inspectores Profesionais de Primeiro Ensino había dúas fórmulas: mediante oposición (para mestres nacionais con menos de 45 anos, con 5 anos de “bos servizos en propiedade”, Graduados de Pedagogía na Facultade, Mestres Normais da Escola Superior do Maxisterio) ou ben por concurso restrinxido entre mestres nacionais con máis de 15 anos de “servizos excelentes” no ensino oficial. Así significados profesionais do mundo do maxisterio son ganados para a historia da inspección grazas a este sistema de acceso.

#### *d) Innovacións en educación popular: As Misións Pedagóxicas*

Dentro do apartado da educación popular está a realización das Misións Pedagóxicas. Por educación popular entendemos unha serie de accións non regulamentadas, non integradas nos niveis educativos establecidos polo sistema vixente. Durante o período republicano, ademais da corrente inspirada nos movementos obreiros, coa experiencia das universidades populares (por exemplo, “A Carraca”, de García Lorca), cabe destacar principalmente a iniciativa inspirada na ILE, que se materializa na idea das Misións Pedagóxicas.

Cando o 14 de abril de 1931 quedaba proclamada a Segunda República, coméntanos Otero Urtaza<sup>23</sup> como as cidades se mostraran republicanas, pero o mundo rural e os pobos pequenos, con intereses e formas de vida tradicionais, ofrecera notables resistencias. Interesaba, polo tanto, elevar o nivel cultural deste sector, para a súa integración no novo marco social.

Durante a Segunda República, as Misións Pedagóxicas convertéronse na experiencia máis xenuína de educación popular. Esta institución, de carácter socio-educativo e cultural, estaba orientada a reducir a desigualdade entre o campo e a cidade. Non se trataba de organizar un ensino sistemático, senón de complementar o labor da escola. O que se pretendía era unha modalidade de educación, onde o que asistise ás Misións fóra acadando un nova herdanza de coñecementos a través do espectáculo ao aire libre, da conver-

---

<sup>23</sup> Vid. Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, Sada-A Coruña, Edición do Castro, 1982, p. 13.

sa directa, das conferencias, etc. Era a plasmación do vello ideal institucionalista da extensión universitaria.

Os iniciadores das Misións recibiran a súa inspiración da doutrina exposta por Manuel Bartolomé Cossío a partir dos seus primeiros anos de acción educadora. E, aínda que desde unha perspectiva distinta, de outro profesor da ILE e membro da primeira Xunta Directiva, José de Caso, quen utilizara o termo “misión pedagóxica”, nun traballo produto dunha visita xirada a Galicia na década de 1880<sup>24</sup>.

Cossío pensara con frecuencia na posibilidade de levar ás aldeas e lugares apartados o azo da cultura, reivindicando o ocio e a contemplación estética como valores educativos, convencido de que o gozo no estudo e na beleza da arte era tan importante para un labrego como para un intelectual. Esta preocupación por chegar ao corazón do mundo labrego xa a expresara no primeiro Congreso Nacional Pedagóxico de 1882. En 1934, escribía no Boletín da Institución Libre de Ensino:

“As Misións pedagóxicas que, sen equívoco, sería, tal vez, máis acertado chamar Misións aos pobos ou aldeás, non se orixinaron abstractamente, senón diante do feito doloroso e innegable do abismo que na vida espiritual, máis aínda que na económica, existe no noso país entre a cidade e a aldea. Cidadáns son todos os españois da mesma nación e con idénticos dereitos, pero mentres que a uns o mesto ambiente da cultura regálalles a cada paso estímulos espirituais para o saber e para o gozo, aos outros o illamento súmelles na máis fonda miseria de todas as súas potencias. O illamento, xa que illamento privativo, cerrazón significa a terrible palabra con que o último límite da penuria espiritual exprésase. Se a sociedade busca afanosa, e como seu máis urxente problema, medios para diminuír, polo menos, o abismo que nela existe no que fai ao gozo da riqueza e isto pídese como obra de xustiza, non hai motivos para que por xustiza social igualmente non se esixa que chegue aos últimos recunchos das chozas, alí onde a escuridade ten o seu asento, un refacho sequera das abundantes loces espirituais de que tan fácil e comodamente gozan as urbes. Por isto, como obra de xustiza social han de fundamentarse as Misións. E cando o illamento desaparecese perderían a xustificación da súa existencia”<sup>25</sup>.

O Padroado de Misións Pedagóxicas foi creado por un Decreto de 29 de maio de 1931 (*Gaceta* do 30/5). Constituíndose tres meses despois. Marcelino Domingo, o Ministro que subscribía o Decreto, sostiña que era necesario e urxente ensaiar novas formas de influencia educativa no pobo, non soamente coa letra impresa, senón coa palabra e o espírito que a animaba:

“Trátase de levar ás xentes, con preferencia ás que habitan en localidades rurais, o azo do progreso e os medios de participar nel, nos seus estímulos morais e nos exemplos do avance universal, de modo que os pobos todos de España, aínda os apartados, participen nas vantaxes e gozos nobres reservados hoxe aos centros urbanos.

(...)

---

<sup>24</sup> Vid. José de Caso, “Una misión pedagógica”, *Revista de España*, Madrid, Tip. de “El Correo”, 1885.

<sup>25</sup> Manuel Bartolomé Cossío, “Las Misiones Pedagógicas”, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, LVIII (1934), pp. 97-104. Este artículo sirve de Introducción ó volumen do Padroado das Misións Pedagóxicas, *Misiones Pedagógicas (Septiembre de 1931, Diciembre de 1934)*, Madrid, Aguirre, 1934. A traducción é nosa.



A República estima que é chegada a hora de que o pobo se sinta partícipe nos bens que o Estado ten nas súas mans e deben chegar a todos por igual, cesando aquel abandono inxusto e procurando suscitar os estímulos máis elevados. Desta sorte poderá abreviarse a obra sempre lenta que a educación pública vai logrando mediante a aplicación de recursos coñecidos, cuxo influxo se irá acentuando cada día”<sup>26</sup>.

O 6 de agosto de 1931 (*Gaceta* do 13/8) saía á luz outro Decreto que nomeaba aos membros da Comisión Central: Manuel B. Cossío (Presidente), Domingo Barnés (Vicepresidente), Luis Álvarez Santullano (Secretario) e catorce vocais: Rodolfo Llopis, Marcelino Pascua, Francisco Barnés, Antonio Machado, Lucio Martínez, Luis Bello, Pedro Salinas, Enrique Rioja, Juan Uña, Oscar Esplá, Ángel Llorca, José Ballester, Amparo Cebrián e María Luisa Navarro.

O Decreto de Misiones, impulsado pola corrente institucionalista, sinala tres grandes apartados nos que vai centrar a súa actividade: a) fomento da cultura xeral, mediante o establecemento de bibliotecas populares, fixas e circulantes, organización de lecturas e conferencias públicas, audicións e exposicións; b) orientación pedagóxica, con visitas a escolas e celebración de Semanas ou Quincenas pedagóxicas; c) educación cidadá, con reunións onde afírmense os principios democráticos, acompañadas de conferencias e lecturas nas que se explique ao pobo diversas cuestións relacionadas coa estrutura do Estado, participación política, etc.

Un dos servizos máis importantes do Padroado de Misiones constituíuno a creación de Bibliotecas. O labor cultural das bibliotecas complementábase cos outros servizos do Padroado: coleccións de gramófonos e discos; o cinematógrafo e as proxeccións fixas, dous dos auxiliares máis poderosos da actuación misioneira, onde salientou José Val del Omar<sup>27</sup>; o Coro e o Teatro da Vila, encargados de espertar a sensibilidade artística (con Eduardo Martínez Torner e Alejandro Casona, respectivamente); o Retablo de Fantoques; os cursos para mestres, e, finalmente, o Museo da Vila, con reproducións de cadros, especialmente do Museo do Prado.

O clima creado polos gobernos da CEDA reduciu case completamente o campo de actuación das Misiones Pedagóxicas. E a sublevación contra a República interrompeu totalmente este proceso. No goberno da República, en outubro de 1936, creouse unha Sección de Propaganda Cultural dentro do Padroado de Misiones Pedagóxicas. En 1937 organizáronse na zona republicana as Misiones de Cultura, polas que mestres e profesores foron enviados para ensinar aos combatentes. Logo, nos primeiros anos do Franquismo leváronse a cabo algunhas Misiones Pedagóxicas, se ben cun carácter radicalmente distinto.

As Misiones Pedagóxicas foron cualificadas por algúns de “utopismo educacional”, argumentando que as necesidades da xente eran outras; tamén, de experiencia burguesa e de

---

<sup>26</sup> Vid. Ángel Porto Ucha, “Decreto de organización del Patronato de Misiones Pedagógicas. 29 de mayo de 1931”, en Olegario Negrín Fajardo (Dir.), *Historia de la educación en España. Autores, textos y documentos*, Madrid, UNED, 2004, pp. 565-570. A traducción é nosa.

<sup>27</sup>Vid. *Val del Omar y las Misiones Pedagógicas*, Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes, 2003.

intento de colonización do campo pola cidade. De aí algunhas das súas contradicións. Cumpriron, non obstante, con medras, os fins para os que foron deseñadas.

## 2. A escola nacional-católica

### 2.1. A involución escolar na España do franquismo

Todo o sinalado ata agora, respecto ao modelo educativo da escola republicana, cambiou coa chegada do “Estado Novo”<sup>28</sup>. Vexamos algunhas das súas características e, sobre todo, os cambios trascendentais que en materia educativa se van producir de xeito inmediato e calculado. Tratábase, en definitiva, non só de substituír senon de aldraxar, de perseguir ata a eliminación e procurar o esquecemento.

#### a) A chegada da guerra civil. A escola do “Estado Novo”

Como sinalabamos ao principio, para construír un novo sistema educativo, era necesaria unha purga. De aí o represión a partir dos primeiros días do alzamento militar. Había que construír unha nova escola. A escola do “Estado Novo”. Este novo Estado había que dotalo de legalidade e de lexitimidade. Alicia Altet<sup>29</sup>, indica que o medio privilexiado para esa lexitimación era fixar na memoria da sociedade uns principios que encarnaran a esencia do novo réxime. Había que eliminar todo o que lembrase á República, someter o pasado inmediato ao esquecemento, substituíndoo por outro pasado máis afastado que se proyectase cara ao futuro. Había que institucionalizar a memoria. A nova rotulación das rúas, xunto a outras cuestións máis ou menos importantes seguiron un proceso idéntico. Como sinala A. Mayordomo,

“néganse e rexeítanse con inflexibilidade absoluta o ideario da Institución Libre de Ensino e os postulados pedagóxicos da República; e búscase dar firmeza e seguridade na etapa fundacional do Réxime, poñendo freo, mediante un novo modelo educativo, a todo aquilo que se contemplaba como falsidade, anarquía e libertinaxe”<sup>30</sup>.

Coa chegada da Guerra Civil, unha guerra que foi cualificada de relixiosa, de “Cruzada”, segundo os gobernantes e ideólogos da época, desaparece o laicismo. Estamos nunha época que, polo menos ata comezos de 1960, Navarro Sandalinas<sup>31</sup> cualifica como “a longa noite da escola franquista”, a escola “de himnos e de rezos”, “de crucifixos, de Franco e José Antonio”, escola de “copias” e “contas”, de memorismo e medo. Decláranse obrigatorias as ensinanzas da Relixión e Historia Sagrada<sup>32</sup>. Se rescatan tradicións do culto como o exercicio do mes de María ou a salutación “Ave María Purísima”.

---

<sup>28</sup> Véxase Pedro Sáinz Rodríguez, *La escuela y el Estado Nuevo*, Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez, 1938.

<sup>29</sup> Vid. Alicia Altet Vigil, (Coord.), *Entre el pasado y el presente. Historia y memoria*, Madrid, UNED, 1996.

<sup>30</sup> Vid. Alejandro Mayordomo, “Aproximación a enfoques y tiempos de la política educativa”, en A. Mayordomo, (Coord.) et alii., *Estudios sobre la política educativa durante el Franquismo*, Universitat de València, Dpto. de Educación Comparada e Historia de la Educación, 1999. A traducción é nosa.

<sup>31</sup> Véxase Ramón Navarro Sandalinas, *La enseñanza primaria durante el franquismo (1936-1975)*, Barcelona, PPU, 1990, pp.142 y ss.

<sup>32</sup> O. de 21 de septiembre de 1936.

*b) Os principios educativos do “Novo Réxime”*

En termos de desenvolvemento institucional podemos sinalar entre outros aqueles que se constitúen en si mesmos en elementos definitorios da nova situación política e social que escomenzaba a se crear.

- Xunta de Defensa Nacional, presidida polo xeneral Cabanellas (24/7/1936)
- Xunta Técnica do Estado, creada por Franco (1/10/1936)
- Decreto de Unificación de abril de 1937: Falanxe Española Tradicionalista das J.O.N.S.
- Foro do Traballo (Decreto de 9/3/1938)
- Creación das Cortes Españolas (Lei de 17/7/1942)
- Foro dos Españóis e a Lei Municipal (1945)
- Nova estrutura das Cortes: Democracia orgánica (17/7/1946)
- Lei do Referendo Nacional (22/10/1945)
- Lei de Sucesión na Xefatura do Estado (1947)
- Lei Fundamental (17/7/1958)

Ao finalizar a guerra civil atopámonos cun panorama material e cultural desolador. Os principios educativos do novo réxime aparecen xa definidos na Lei de Ensino Medio de 20/9/1938:

- Primacía do espiritual e a tradición
- Cultura clásica e humanística
- Sólida base relixiosa e patriótica
- Uniformidade de contidos
- Inspección
- Exaltación carismática do Xefe do Estado
- Lexitimidade moral do alzamento
- Recuperación do papel da Igrexa na educación

*c) Depuración de institucións, profesores, libros e ensinanzas*

Fracasada a sublevación militar do 17 de xullo, comezou a guerra. O 24 de xullo constituíuse unha Xunta militar, a Xunta de Defensa Nacional, que sería substituída despois pola denominada Xunta Técnica do Estado, que se artellou en sete Comisións. Educación quedou en mans da “Comisión de Cultura e Ensino”, presidida polo escritor José M<sup>a</sup> Pemán. Se ben Javier Tusell concreta: “(...) en realidade, nesta comisión é moi posible que

o papel esencial lle correspondese ao vicepresidente, Enrique Suárez<sup>33</sup>. Así, pois, o presidente “de facto” era Suárez, un auténtico extremista obsesionado polo tema da ILE, á que lle “dedicou” *Los intelectuales y la tragedia española* (1937).

A depuración comezou de forma un tanto desordenada, coa finalidade de separar aos que se significasen durante a etapa republicana. Unha Orde de 19/8/1936 establecía que os alcaldes debían informar aos reitores antes do 30 de agosto sobre a conduta político-social e sobre a educación moral dos mestres da localidade. Os reitores poderían destituír aos que desenvolveran “un labor perturbador das consciencias infantís”. Frecuentemente, as destitucións foron ordenadas polos gobernadores civís. O feito desta precipitación inicial tivo como consecuencia que algúns foron posteriormente depurados sen ningún tipo de sanción.

Diante da envergadura do proceso, comezouse cunha segunda fase, que abarcaría xa a todo o período bélico. Segundo un Decreto de 8/11/1936 (BOE, 11/11), creábanse catro tipos de Comisións: A), para persoal Universitario; B), para Escolas de Enxeñeiros e Arquitectos; C), para Ensino Medio, Inspectores, Profesores de Escolas Normais e Persoal das Seccións Administrativas; D), para o Maxisterio Primario. Para as letras A e B, eran comisións únicas; para C) e D), unha por provincia. Por unha Orden de 10/11/1936, determináronse as normas de funcionamento, as sancións a aplicar e os prazos dos traballos (en principio, 3 meses). Se reiniciaba, así, todo o proceso. Outra Orden de 17/2/1937 ampliaba a anterior, respecto ás sancións a impoñer. O obxectivo final era que ninguén puidese exercer a docencia (pública ou privada) sen ser sometido a expediente de depuración<sup>34</sup>. A aparición da Lei de Responsabilidades Políticas<sup>35</sup> contribuíu de xeito notable a agravar o problema na maioría dos casos.

Así, pois, o control ideolóxico do novo Estado sobre ensino concretouse en sancionar, mediante as célebres comisións depuratoras provinciais a todo o persoal docente de ensino Primario e Medio, así como de Universidade e escolas especiais, a todos aqueles profesionais do ensino que tiñan colaborado ou simplemente simpatizado co Goberno da República. Negábase todo o que fixese referencia a tendencias laicistas, renovadoras ou europeizantes (España, salvagarda da tradición). Respecto ás acusacións, lémbraos Gervilla Castillo<sup>36</sup> o caso de Unamuno que recibía informes da Comisión provincial, en calidade de Reitor da Universidade de Salamanca, nos que os curas poñían á marxe anotacións facendo constar que a Mestre non asistía a Misa: “Eu tampouco”, dicía Unamuno; ou tamén unha mestra, tachada de comunista simplemente por ensinar aos nenos a canción “Asturias, patria querida”, se cadra intentando relacionala coa Revolución comunista de 1934.

Segundo unha Orde de 4 de setembro de 1936, a Xunta de Defensa Nacional,

---

<sup>33</sup> Javier Tusell, *Franco en la guerra civil*, *Op. cit.*, p. 60.

<sup>34</sup> Para iso se dictaron distintas disposicións: O. de 3/3/1937 e 21/7/1937, ampliando a depuración ás fundacións benéfico-docentes; O. de 29/4/1937, para alumnos de Escolas Normais; O. de 14/5/1938, para mestres de colexios privados.

<sup>35</sup> Ley de 9 de febrero de 1939.

<sup>36</sup> Véxase Enrique Gervilla Castillo, *La Escuela del Nacional-Catolicismo. Ideología y educación religiosa*. Granada, Impredisur, 1990, p. 105.

“considerando que a xestión do Ministerio de Instrución Pública e especialmente a Dirección Xeral de Primeiro Ensino, non puido ser máis perturbadora para a infancia (...) dispón procédase á incautación e destrución de cantas obras de matiz socialista ou comunista se achen nas bibliotecas circulantes para nenos”.

Neste clima de ruptura co réxime anterior, Martín-Sánchez Juliá, ao falar das Misións Pedagóxicas, di que foron

“verdadeiro apostolado do díaño, corruptor de pobos enardecedores de revolucionarios do rego e da estepa. Repartíndose ‘bibliotecas populares’ cuxos libros comprados en masa por sectarios antiespañóis do Ministerio de Instrución Pública eran manuais de anarquismo (...) cos que se ‘ilustróu’ a pobres labregos que só sabían ler ou a mozos obreiros con ambicións políticas (...)”<sup>37</sup>.

Unha Circular sobre depuracións en instrución Pública, asinada polo Presidente de Cultura e Ensino, José María Pemán, en 1936, propón a separación inexorable das súas funcións maxistras de cantos directa ou indirectamente contribuíran a soste e propagar os partidos, ideario e institucións do chamado “Fronte Popular”. O escrito engade:

“Os individuos que integran esas hordas revolucionarias, cuxas demasías tanto espanto causan, son sinxelamente os fillos espirituais de catedráticos e profesores que, a través de institucións como a chamada ‘Libre de Ensino’, forxaron xeracións incrédulas e anárquicas”<sup>38</sup>.

Nesta liña, outra Orde Circular da Comisión de Cultura e Ensino da Xunta Técnica do Estado, de 1937, é significativa no tema da ILE:

“As forzas secretas da Revolución que se tiñan apoderado por completo estes últimos anos do Ministerio de Instrución Pública, levaron a cabo a obra de deformación espiritual do Maxisterio español; iniciado xa, moito antes, pola ILE, executora daquela ‘espantosa liquidación do pasado’, que anunciou Menéndez Pelayo, seducindo co espelliño dunha falsa e postiza Cultura á mocidade en vez de adiestrala no “cultivo do seu propio espírito”, que é o único que ennobrece e redime ás razas”<sup>39</sup>.

Máis ataques sobre a ILE figuran nas Ordes Ministeriais de 20/4/1939 e 21/2/1940. A súa disolución aparece no BOE de 28/5/1940. Ese mesmo ano aparece publicado o libro *Una poderosa fuerza secreta. La Institución Libre de Enseñanza*. Este texto, xunto ao de Suñer, *Los intelectuales y la guerra española*, son dúas obras fundamentais para darnos conta da concepción do franquismo respecto á ILE. Referíndose á primeira, na que aparecen desacreditados relevantes personalidades institucionistas, sinala Negrín Fajardo que “este tipo de afirmacións só revela incultura e odio porque estábanse referindo con tales termos insultantes a eminentes políticos, intelectuais e profesores universitarios”<sup>40</sup>. O profesor Negrín puntualiza ademais:

---

<sup>37</sup> Vid. Varios, *Una poderosa fuerza secreta. La Institución Libre de Enseñanza*, San Sebastián, Editorial Española, 1940. A tradución é nosa.

<sup>38</sup> Circular de 7/12/1936. A tradución é nosa.

<sup>39</sup> Orden Circular de 17/7/1937. A tradución é nosa.

<sup>40</sup> Olegario Negrín Fajardo, “Prólogo”, en Ángel Serafín Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia (1876-1936)*, Sada- A Coruña, Ediciós do Castro, 2005, p.14. A tradución é nosa.

“(…) Fai moito tempo que sabemos que as afirmacións que aparecen transcritas non se manteñen en pé, pero durante moito tempo foron, por desgraza, palabra sagrada para a maioría dos españois”. Na Historia de los heterodoxos españois, o autor recolle tamén unha cita de Menéndez Pelayo, “un dos escritores que máis contribuíu a desacreditar á Institución, ás súas obras e aos seus homes”<sup>41</sup>.

## 2.2. O camiño ata 1945. A época da nacional-sindicalismo

Ao cabo da guerra, en 1939, estaba practicamente concluída a victoria sobre as armas, pero non a victoria ideolóxica e cultural. Ao triunfo das armas tiña que se unir a recuperación da relixión e cultura cristiá. Por esta época, chamada do “nacionalsindicalismo”, a Igrexa desconfía do monopolio falanxista e rexeita a antirreligiosa ideoloxía do nazismo, se ben estamos no denominado Estado totalitario de signo católico, que acousou trazos fascizantes<sup>42</sup>. Ramiro Ledesma, o rebelde fracasado, na súa análise acerca da experiencia republicana, recollida nos textos *Discurso a las juventudes de España* e *¿Fascismo en España?* contesta que non existía en España fascismo. “Existían fascitizados: o Bloque Nacional de Calvo Sotelo, a CEDA de Gil Robles, a propia Falanxe, un sector do exército”<sup>43</sup>. Claro, que isto dicíao o fundador das JONS en 1935, consciente do final da súa experiencia política. Máis tarde, mentres a formación político-cívica de signo falanxista se foi facendo cada vez máis rutineira, as prácticas relixiosas e a ambientación católica foron gañando importancia, coincidindo coa caída do Eixe. A modo de exemplo baste recordar o que poñía nas moedas da época: “Francisco Franco, Caudillo de España, por la gracia de Dios”.

José Ibáñez Martín, que relevou no cargo ao autodenominado “ministro da guerra” en Instrución Pública, Pedro Sáinz Rodríguez –que demitiu ao cabo da contenda, marchando a Portugal como conselleiro do pretendente ao trono de España Juan de Borbón-, acelerou o proceso de depuracións, iniciando unha dinámica contrarreformista, en relación á actuación do goberno da II República. Para o 30 de xaneiro de 1942, practicamente concluíra este proceso. Procédese entón e con toda celeridade a cambiar o nome dos centros (tamén das rúas), recorrendo agora a homes como “José Antonio”, “Calvo Sotelo”, “Xeneral Mola”, “Xeneral Sanjurjo”, “Padre Poveda”, etc., “como lembranza imperecedoira para os mártires da Pedagogía Católica que ofreceron a súa vida en defensa da Escola Católica e Española que o Novo Estado propugna”<sup>44</sup>. Comeza así o proceso de “inculcación ideoloxizante”, no sentido de “repetición con empeño”, “imbuir”, “infundir con afán”, calculada obstinación, en resumo. Aos párrocos –lémbraos Gervilla Castillo- pedíaselles que inculcaran “ás mulleres que leven vestido que respire e sirva de ornato e resguardo da virtude”. O mesmo autor sinala que os bispos neses anos da postguerra multiplicaron as súas Pastorais sobre o pudor e a decencia. Así se manifestaba por entónces o Bispo de Pamplona:

---

<sup>41</sup> *Ibidem*, p.16. A tradución é nosa.

<sup>42</sup> Véxase Manuel de Puelles Benítez, “La educación autoritaria del Nuevo Estado”, en *Educación e Ideología en la España Contemporánea*. Madrid, Tecnos, 1999, cap. XII.

<sup>43</sup> Vid. Fernando García de Cortázar, *Los perdedores de la Historia de España*, Madrid, Planeta, 2006, p. 474.

<sup>44</sup> Orden de 20 de abril de 1939 (BOE, del 26 de abril).

“¿Que non dirían deses bailes en que se zugan os alentos, se enlazan, se soban, estreítanse e asoballan os corpos, con miradas e palabras de paixón, e aos acordes dunha música enteiramente disposta para o estalido da máis baixa de todas elas...?”<sup>45</sup>.

*a) Importancia e enfoque do ensino medio na nova sociedade*

Baixo o mandato do ministro de Educación Nacional, Pedro Sáinz Rodríguez (1938), acométese a reforma legislativa do ensino. A Lei de 20/9/1938 corresponde á reforma do bacharelato. O criterio que se aplica neste nivel educativo vai posibilitar unha rápida transformación da sociedade española<sup>46</sup>. Trátase dunha consideración elitista deste nivel educativo, fronte á tradición liberal que ve no bacharelato unha prolongación do ensino primario. Este novo Bacharelato é basicamente un nivel preparatorio para a Universidade. A formación que van recibir as futuras clases directoras será a cultura humanística e clásica, un contido eminentemente católico e patriótico. Hai un amplo lugar para a lingua latina e a grega, a relixión e o idioma (ademais do inglés e o alemán, o italiano e o portugués). Fronte ao descenso do ensino estatal aparece un claro fortalecemento da privada, especialmente das ordes relixiosas.

O termo “Enseño Medio” aparece formalmente coa Lei de 1938 e será utilizado por moito tempo, aínda despois da aparición do Libro Branco (1969), e a posterior chegada do BUP (Bacharelato Unificado Polivalente). Na redacción da Lei, ademais de Sáinz Rodríguez, interviñeron García Valdecasas (Subsecretario do novo Ministerio de Educación Nacional), e Pemartín (Xefe do Servizo Nacional de Ensino Superior e Media). Ademais dos xa mencionados principios educativos (primacía do espiritual e a tradición, exaltación carismática do Xefe do Estado, lexitimidade moral do alzamento...), os principios pedagóxicos propoñen unha cultura clásica e humanística, uniformidade dos contidos, sistema cíclico e supresión de exames por materias. Establécense sete cursos, co ingreso á idade de dez anos. Ao final do sétimo ano de escolaridade, tiña lugar o temible “exame de Estado” diante dun tribunal descoñecido para o alumnado, a cargo da Universidade. A Lei foi contestada polo seu fracaso.

En 1939 houbo cambios no Ministerio. Aparece como novo ministro de Educación Nacional Ibáñez Martín, que ocupará esa carteira ata 1951. Sería o seu subsecretario Jesús Rubio García-Mina -que foi ministro no período 1956-62, despois de Ruiz Giménez (1951-56)- o que levaría as iniciativas dos novos ensinos do anteproxecto de 1947. Daquela as propostas iban na liña de organización do ensino nun só ciclo de 5 cursos e a creación do Bacharelato Laboral Superior de dous anos de duración.

Acorde cunha nova situación histórica, a Lei de Ordenación do Ensino Medio de 1953, co equipo de Ruiz Jiménez á fronte do Ministerio de Educación, divide o ensino medio en dous graos, elemental (4 anos) e superior (2 cursos), coas súas respectivas reválidas. Engadíase, ademais, un curso preuniversitario. Como resultado, produciuse unha elevada masificación do grao de bacharel elemental, que viña a encher as necesidades de amplos

---

<sup>45</sup> Véxase Gervilla, *Op. Cit.*, pp. 252-53.

<sup>46</sup> Vid. Manuel de Puelles Benítez, *Op. cit.*, p. 370.

